

# **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

## **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:**

É importante buscar e establecer contacto con países de fala inglesa para darlles a oportunidade de expresarse en inglés en situación comunicativas reais.

Os proxectos que se levarán a cabo axudan a mellorar a competencia comunicativa do alumnado

Durante este curso 2021/22 adaptarase a metoloxía empregada segundo as necesidades que vaian xurdindo con motivo do COVID-19. Utilizarase a docencia telemática e a aula virtual se nalgún momento no transcurso do curso é necesario pola aparición dalgún contaxio.

Fomentarase en todo o momento entre o alumnado que se manteña a distancia social na aula e a aplicación das medidas hixiénico-sanitarias.

## **OBXECTIVOS:**

1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de tarefas concretas diversas relacionadas coa súa experiencia.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
4. ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
5. aprender a usar con progresiva autonomía tódolos medios ao seu dispor, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
6. valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

7. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
8. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
9. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

### **CONTIDOS:**

#### **Bloque 1. Comprensión de textos orais.**

Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.

Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).

Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.

Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.

Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.

Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.

Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

#### **Bloque 2. Producción de textos orais.**

Planificación: Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.

Execución:

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais. Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.

Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).

Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.

Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.

Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.

Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.

Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.

Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.

Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos.**

Estratexias de comprensión:

Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.

Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos,

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes. Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.

Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Identificación e uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.

Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos.**

Estratexias de produción:

Planificación:

Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade.

Execución:

Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.

Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.

Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.

Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.

Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.

Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.

Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

Uso dos signos de puntuación máis básicos.

Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

# **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

## **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL**

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.

Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía. Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Funcións comunicativas:

Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida...

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.

Identificación e seguimento de instrucións.

Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.

Expresión do que lle gusta e non lle gusta.

Identificación dos materias que compoñen os obxectos.

Identificación das partes do corpo e da cara.

Identificación dos membros da familia próximos.

Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.

Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.

Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda. Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.

Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

Estruturas sintáctico-discursivas:

Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).

Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).

Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).

Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).

Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).

Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).

Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.

Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).

Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).

Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).

Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?). - Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry)?, Yes, I am/No I'm not). Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?

Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa

**COMPETENCIAS BÁSICAS RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA.**

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:**

- Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.
- Adecuar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.
- Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.
- Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.
- Gozar da lectura e, a través dela, descubrir outras contornas, idiomas e culturas.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.
- Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.
- Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.
- Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.
- Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

### **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL.**

- Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.
- Analizar de xeito crítico a información obtida.
- Manexar ,na medida do posible a Aula Virtual e outras ferramentas dixitais para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe durante o confinamento.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

### **SOCIAL E CIDADÁ.**

- Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal e de resolución de conflitos.
- Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.
- Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

### **CULTURAL E ARTÍSTICA.**

- Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

### **APRENDER A APRENDER.**

- Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).
- Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

### **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

- Actuar con iniciativa e creatividade persoal.
- Desenvolver as habilidades sociais.

### **COMPETENCIAS BÁSICAS NON DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA**

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA.** Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral. A adquisición desta competencia supón, en suma, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente,



## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.** É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En suma, esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsábel dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsábel e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

As actividades adáptanse ás características dos alumnos, de forma que podan levalas a cabo tendo en conta as súas posibilidades. Asemade, hai actividades de reforzó e ampliación que permiten darlle unha atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades e o seu ritmo de traballo.

### **ACTIVIDADES**

#### **Listenings:**

- Listening to stories to get both global or specific information (Escucha de textos e historias para obter información global e específica).
- Listen and number (Escoita e numera)

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

- Listen and sing (Escoita e canta).
- Listen and draw (Escoita e debuxa).
- Listen, circle and say the words (Escoita, rodea e di as palabras)

### **Matching activities and associations:**

- Match words, pictures and sounds (Asocia palabras, debuxos e sons).
- Match or associate phoneme and grapheme (Asocia fonema /grafema)

### **Readings:**

- Infer information while reading a story. (Inferir información dunha historia para obter información global ou específica).
- Read texts with the help of the visual support (Ler textos simple coa axuda do apoio visual).
- Read, stick and level (Le, pon as pegatinas e etiqueta)

### **Writings:**

- Guess and write (Adiviña e escribe)
- Complete the story with the missing words (Completa a historia coas palabras que faltan)
- Find and count. Write the numbers and say them (Busca e conta. Escribe o número e di cal é).
- Mention your favourite story and draw it. (Menciona tu historia favorite e debúxaa).

### **Speaking:**

- Repeat words, sentences and paragraphs with proper pronunciation, stress, rhythm and intonation (Repetir palabras, frases e párrafos con correcta pronunciación, stress, ritmo e entoación)

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

- Recite poetry. (Recitación de poesías).
- Likes and dislikes. (Expresión de gustos y preferencias).
- Interaction. (Interacción en situaciones comunicativas sinxelas orais).
- Answer questions about a story (Responder preguntas sobre unha historia).
- Express ideas about a story with certain fluency and accuracy (Expresar ideas sobre unha historia con certa fluidez e precisión).
- Answer questions using full sentences (Respostar preguntas utilizando frases completas).

### **METODOLOXÍA:**

No referente ao dominio lingüístico, seguirase un enfoque fundamentalmente comunicativo e constructivista; polo que se partirá sempre dos coñecementos previos do alumnado (aprendizaxe significativa). Progresivamente irán adquirindo novos coñecementos ata lograr os suficientes que lles permitan acadar una autonomía suficiente na área. Dita autonomía deberá facilitar a correcta utilización da nova linguaxe e que sexan capaces de desenvolverse con fluidez e soltura nas diversas situacións comunicativas que xurdan; así como expresar a súa opinión e desenvolver un espírito crítico para debater sobre aspectos diversos relacionados cos temas traballados no proxecto artístico/ literario.

Presentarase a linguaxe de forma contextualizada- mediante contos, novelas, presentación de power point, textos diversos, “role plays”, “statements”, mapas e planos, cadros, fotos, láminas, vídeos, documentais, películas, etc.- para facilitar a súa aprendizaxe e para que sexan capaces de desenvolver estratexias de comprensión (para obter información global e específica) e de expresión (respostar preguntas, describir, explicar, analizar, valorar, debater, interactuar, etc.)

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

No referente ao dominio social, incidirase na pluriculturalidade e plurilingüismo. Na actualidade vivimos nunha sociedade plural, intercultural e globalizada, onde o inglés está presente en todas as situacións comunicativas e en todos os ámbitos e acada unha gran relevancia como lingua franca universal. Asemade, o seu coñecemento facilita a mobilidade, tanto de estudantes como de profesionais entre países da Unión Europea, como calquera outro tipo de relación con outros países de fala inglesa.

### **ENFOQUE COMPETENCIAL:**

O eido do currículo constitúeno os procedementos encamiñados a conseguir unha competencia comunicativa oral e escrita, tanto na lingua galega, castelá como na lingua inglesa en contextos sociais significativos que permitan ao alumnado expresarse con progresiva eficacia e corrección. Nembargantes, non se esquecerá a inclusión doutras competencias como a matemática, a científico-tecnolóxica, a dixital, a social e cidadá, a autonomía e iniciativa persoal, a artística e cultural e dúas máis que son a base das demais competencias para aprender a aprender e a competencia para aprender a emprender.

Terá importancia o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación; ben como elemento motivador, como fonte de investigación ou como outro recurso máis, fomentando a realización de actividades multimedia, tanto nos ordenadores, como na pizarra dixital, para mellorar a competencia dixital do alumnado.

### **INTERDISCIPLINARIEDADE E TRABALLO COOPERATIVO:**

No referente ao ámbito educativo, como se pode comprobar ao longo do proxecto, propoñemos traballar tarefas que fomenten a cooperación, interdisciplinares, crosscurriculares, a ser posible intercíclicas e que atendan á multiculturalidade nun contexto plurilingüe; facendo partícipe a toda a comunidade educativa.

Primará o traballo cooperativo en pequenos grupos, mediante a realización de tarefas dentro de cada tema, adaptando os contidos en inglés ao nivel do alumnado.

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

*Actividades realizadas , probas escritas e orais , táboas de cotexo , observación diaria e autoavaliación.*

### **AVALIACIÓN:**

A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas, a secuencialización das actividades, a coordinación entre o profesorado participante e as metodoloxías do proxectos.

No referente aos instrumentos de avaliación, variarán dende entrevistas persoais ao alumnado a outro tipo de probas máis obxectivas.

Tamén haberá autoavaliación e reflexión sobre as linguas mediante a reflexión e o diálogo sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

### ***CRITERIOS DE AVALIACIÓN :***

Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.

Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.

Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).

Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.

Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.

Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.

Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.

Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas

Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.

Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.

Comprender e expresar a posesión.

Expresar e identificar os seus gustos.

Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.

Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado

Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.

### **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:**

- Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
- Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
- Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).
- Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).
- Amosa unha actitude de escoita atenta.

## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
- Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
- Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
- Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.
- Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.
- Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).
- Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.
- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.
- Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).
- Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.



**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

- Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.
- Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.
- Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.
- Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.
- Diferenza preguntas e respostas moi simples.
- Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.
- Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.
- Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
- Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.
- Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

**RÚBRICAS:**

**RÚBRICAS BLOQUE 1 : COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS:**

<b>Comprensión de textos orais 20%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>
<b>Emprega estratexias de comprensión de textos orais e amosa unha actitude positiva.</b>	Skimming: Capta a idea global.  ... Respecta ao falante ou interlocutor.	Scanning. Capta información específica  ... Amosa unha boa atitude. É receptiv@	Infire significados e formula hipóteses.  ... Respecta a quenda de palabra .	Sintetiza e Transfire Información.  ... Valora as intervencións dos demais .

• **RÚBRICAS BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:**

<b>Produción de textos orais 20%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>
<b>Exprésase con fluidez e cunha</b>	Exprésase con fluidez e cunha	Corrección: Utiliza	Interaciona utilizando o	Resume, sintetiza o

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

<p><b>boa pronunciación. Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Interaciona utilizando o léxico axeitado. Resume e transcribe a información. Amosa educación e respecta a quenda de palabra</b></p>	<p>boa pronunciación, ritmo e entoación. Mantén o contacto visual co interlocutor.</p>	<p>Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Demóstrase ter nocións, apropiadas ao seu nivel de Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto e producir un texto oral.</p>	<p>léxico axeitado e mantendo o contacto visual co interlocutor. Amosa educación cara o mesmo e respecta a quenda de palabra.</p>	<p>escoitado e é capaz de transcribir a información, mantendo o sentido do texto oral</p>
--	--	---	---	---

**RÚBRICAS BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:**

Comprensión de textos escritos : 20%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%	Porcentaxe: 5%
<p><b>Emprega estratexias de comprensión de textos escritos. Comprende os temas principais e secundarios. Infire significados formula hipóteses. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</b></p>	<p>Skimming: Capta a idea global. Scanning: Capta Información específica. Concéntrase na lectura de textos.</p>	<p>Comprende os temas principais e secundarios.</p>	<p>Infire significados formula hipóteses.</p>	<p>Valora a lingua inglesa como instrumento de comunicación. Le e comprende textos axeitados ao seu nivel e idade.</p>

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

**RÚBRICAS BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.**

<b>Producción de textos escritos 20%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>
<b>Produce diversos tipos de textos seguindo modelos e partindo de guións con coherencia e cohesión . Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.</b>	Utiliza Elementos Discursivos: Coherencia e Cohesión.	Utiliza Estructuras gramaticais básicas na orde correcta. Demuestra ter nocións, apropiadas ao seu nivel de, Sintaxe, Semántica e Morfoloxía ao construír un texto.	Utiliza o léxico axeitado e escribe cunha boa caligrafía e segue as normas ortográficas básicas. Amosa interese.	Produce diversos tipos de textos seguindo modelos e partindo de guións. Colabora cos compañeiros na produción dos textos escritos.

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

**RÚBRICAS BLOQUE 5 : COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA  
INTERCULTURAL:**

<b>Coñecemento da lingua e da consciencia intercultural 20%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>	<b>Porcentaxe: 5%</b>
<b>Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa. Participa en funcións comunicativas. Realiza diversos tipos de textos orais e escritos. Valora as linguas como instrumentos de comunicación</b>	Coñece aspectos culturais dos países de fala inglesa.	Participa en funcións comunicativas utilizando vocabulario e estruturas gramaticais e funcionais axeitadas ao seu nivel. Amosa unha atitude de respecto na comunicación.	Realiza diversos tipos de descripciones, argumentacións, dramatizacións, exposicións e narracións, etc. Amosa interese.	Valora as linguas como instrumentos de comunicación para aprender a acercarse a outras culturas e respectar outras formas de vida.

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

**TÁBOA DE AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS:**

<b>Speaking / Fala 25 puntos</b>		<b>Writing/ Escrita 25 puntos</b>	<b>Listening / escoita 25 puntos</b>	<b>Listening / Letura 25 puntos</b>
Pronunciación:		Oracións : 2 puntos	Infir información: 3 puntos	Infir información: 3 puntos
Entoación 3 puntos	Fluidez 3 puntos	Parágrafos : 3 puntos	Comprende a idea global : 5 puntos	Comprende información global : 4 puntos
Corrección : 3 puntos		Coherencia : 3 puntos	Comprende información específica : 5 puntos	Comprende información específica : 5 puntos
Gramática : 3 puntos		Cohesión : 3 puntos	Resume a información : 4 puntos	Resume a información : 4 puntos
Vocabulario : 3 puntos		Gramática : 3 puntos	Transfire información : 4 puntos	Transfire a información : 5 puntos
Sintaxe : 4 puntos		Sintaxe : 4 puntos	Fai hipóteses : 1 punto.	Fai hipóteses : 1 punto
Interacción : 3 puntos		Contido : 4 puntos	Atende e esforzase por mellorar . 3 puntos	Atende e esforzase por mellorar : 3 puntos
Atitude e respecto : 3 puntos		Vocabulario : 3 puntos		

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Actividades realizadas , probas escritas e orais , táboas de cotexo , autoavaliación.

**TEMPORALIZACIÓN :**

<b>GRADE 2</b>	<p><b>DESCRIBING THE HOUSE. REVIEWING FAMILY. PARTS OF THE BODY. PERSONAL INFORMATION QUESTIONS. MAIN FUNCTIONS DESCRIBING THE CLASSROOM AND THE HOME. MAKING A CLASSROOM TIMETABLE AND BEING ABLE TO TALK AND WRITE ABOUT IT. REVIEWING ANIMAL DESCRIPTIONS.</b></p> <p>Special emphasis on Pronunciation, stress, rythm and intonation. SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension)</p>	<p><b>DESCRIBING ANIMALS ACTIONS. I LIKE../ I DON'T LIKE... YES/NO QUESTIONS. TYPES OF FOOD. YES/NO QUESTIONS NUMBERS AND COLOR REVIEW. PERSONAL INFORMATION QUESTIONS. MAIN FUNCTIONS</b></p> <p>Describing clothes. Expressing what types of clothes they wear at each season. Expressing hobbies and games. Special emphasis on Pronunciation, stress, rythm and intonation. SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION.</p>	<p><b>REVIEWING: SPORTS, THE WEATHER AND SAYING THE CLOTHES TO WEAR ACCORDING TO THE WEATHER.</b></p> <p>Expressing how they feel and expressing pain or illness. Talk and write about going on holidays to natural places. Producing Stress, Rythm and Intonation by building familiar sounds. Phonics games building and producing sentences Special emphasis on Pronunciation, stress, rythm and intonation. SKIMMING AND SCANNING (global and specific oral and written comprehension) Discourse analysis devises. COHERENCE</p>
----------------	--	--	--

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

	Discourse analysis devises. COHERENCE AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production.	Accuracy and fluency (oral and written English production)	AND COHESION. Accuracy and fluency (oral and written English production)
--	---	--	---

**PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:**

**Dado que en Lingua Inglesa a avaliación é continua, coinciden a terceira avaliación e a avaliación final.**

A avaliación será inicial ao principio do proceso, formativa durante o proceso e final. Tamén se avaliarán os obxectivos, os contidos, as competencias básicas e a secuencialización das actividades.

No referente aos instrumentos de avaliación, variarán dende entrevistas persoais ao alumnado e outro tipo de probas obxectivas.

O alumnado realizará autoavaliación, mediante o diálogo e a reflexión na aula sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

Deberán superar os estándares esixibles de todas as destrezas comunicativas.

**DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

Realización de probas orais e escritas que inclúan tódalas destrezas comunicativas, aspectos gramaticais, vocabulario e estruturas básicas.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

As actividades adáptanse ás características dos alumnos, de forma que podan levalas a cabo tendo en conta as súas posibilidades. Asemade, hai actividades de reforzo e



## **PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

ampliación que permiten darlles unha atención individualizada ao alumnado , segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe .

### **PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES :**

Os textos , actividades , organización e posta en práctica das mesmas a través da aprendizaxe cooperativa , reflicten os diversos valores que queremos traballar na aula : respecto, tolerancia , cooperación , confianza, etc.

Dende a aula de inglés resaltaremos especialmente o respecto cara a outras culturas , outros puntos de vista e outras formas de vida , de pensar e de organizar as súas rutinas , vacacións , festas , celebracións , comidas, etc.

Por último , incidiremos , sobre todo , na interacción oral , na importancia de escoitar á persoa que está falando , repectar as quendas de palabra e as opinións dos demais . É importante aprender a escoitar para poder falar despois e ser respetuoso co interlocutor . Forma parte das normas de educación e comunicación.

### **ACCIÓN E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC :**

Utilización frecuente de recursos multimedia, creación dos mesmos e publicación na páxina web do centro.

### **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA :**

Atención ao cumprimento das normas de convivencia do centro.

### **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR :**

Iniciación nos clásicos da literatura inglesa e lectura de diversos tipos de textos en inglés para mellorar a comprensión e motivalos ao gusto da lectura.

### **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO :**

Tratamento de diversos tipos de textos orais e escritos para obter información específica.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES .**

Comprender textos sinxelos .

Asociar os sons coa grafía e coa imaxe.

**PROGRAMACIÓN DE LINGUA ESTRANXEIRA : INGLÉS NO SEGUNDO  
CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**CEIP SAN SALVADOR. CURSO 2021-2022. Yaiza Álvarez Fernández**

Producir frases sinxelas.

Interactuar en situacións comunicativas sinxelas.

Utilizar vocabulario básico e estruturas sinxelas.

Amosar fluidez e boa pronunciación , ritmo e entoación na comunicación oral.

**MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO**

Materiais multimedia , flashcards , libros de lectura , contos , cancións , DVDS, videos ,  
etc.